

Martes, 6 de xuño de 2017

Núm.

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

*ADQUISICIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DE DESFIBRILADORES
SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS*

*CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES
SEMIAUTOMÁTICOS EXTERNOS, PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES
DA CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO, ASÍ COMO A FORMACIÓN E
ACREDITACIÓN DO PERSOAL PARA O SEU USO*

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Deportes. Nº expediente: 948-611.

2. Obxecto do contrato: o subministro e instalación de 13 desfibriladores semiautomáticos externos-DESA, cos seus respectivos botiquíns, os elementos necesarios para o seu funcionamento, segundo o anexo II do Decreto 38/2017, do 23 de marzo, as cabinas estancas respectivas con sistema de telefonía por tarxeta, a súa posta en funcionamento nas instalacións deportivas municipais, inscrición no rexistro da Consellería competente en materia de Sanidade, o seu mantemento durante o período de garantía, así como a formación e a acreditación do persoal para o seu uso

División por lotes e número de lotes: Non.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 3 meses. Prórroga: non

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Presuposto base: 28.925,62.- euros. IVE a soportar pola administración: 6.074,38 euros.- Orzamento total: 35.000,00 euros.

5. Garantías esixidas. a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: si, cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sobre os equipos subministrados, sexa superior á media dos ofertados polos licitadores admitidos.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Código seguro de verificación: K8YX0TUCP9S3FJIT



Martes, 6 de xuño de 2017

Núm.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Unha relación das principais subministracións similares ó obxecto do contrato realizadas nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ó prezo do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita subministros por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de Ofertas: Prazo: o prazo rematará ós 15 días seguintes ó da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a esixida na cláusula 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei núm 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 26 de maio de 2017.

O concelleiro delegado de Contratación

P.D. (Decreto 19-06-2015 e Acordo 19-06-2015)

David Regades Fernández

Código seguro de verificación: K8YX0TUCP9S3FJIT

